

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº38/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de outubro / Estado de tranquilidade

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



**Illa de Ons**  
Programa de divulgación "Axenda 2030"  
DO 12 AO 15 DE SETEMBRO

**12-13/09**

Actividade familiar "Sabes quen son?"

**Todos os días**

Rutas guiadas  
Exposicións  
"BIODIVERSIDADE NAS ILLAS ATLÁNTICAS"  
"COMO CONSUMO"  
"ONS SOA"  
Actividades familiares

f Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia @profficialnacionalgalicia  
Para máis información e para anotarse nas actividades, achéguese ao punto de información da illa.

2030  
Xacobeo 21-22  
XUNTA DE GALICIA

## CENTRO DE VISITANTES (XIII)

### Suxestións XI – CONCLUSIÓNS

Ao longo de trece entradas, tocouse a importante sección do Centro de Visitantes da Illa.

Agora aporfo as conclusións que son un resumo do explicado.

Non é complicado levalo adiante e, se engadimos a necesaria actuación de especialistas e técnicos, o Centro de Ons pode ser un referente para outros Centros de Interpretación. **Páx. 1**



## CONTOS DE TABERNA

### "O MORENO DE ONS"

Conto escoitado na parroquia de Noalla a onde se desprazaron moitos veciños aunienses e, ao contrario, veciños de Noalla foron casar á Illa. **Páx. 2**

## HemerONSteca

Durante a II Guerra Mundial, moitas contendas tiveron lugar preto das nosas costas. Aquí un exemplo acontecido a poucas millas de Ons. **Páx. 2**



## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

### SOLUCIÓNS AO XACEMENTO ROMANO DO CANTIL DE CANEXOL

Un lector de Onstopus, quere facer fincapé na necesidade de buscar solucións á posible desaparición do xacemento romano de Canexol, xunto ao cantil da praia, polos efectos dos temporais. **Páx. 3**



## EMPREGO DOS FAROS COMO ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS?

Pregunta que nos facemos ao comprobar como os Faros de Illa Pancha, Lariño, Fisterra, Corrubedo, Silleiro, ..., están ou vanse dedicar ao turismo a modo de hoteis. Coido que hai outras solucións, polo menos para os Faros das illas pertencentes ao Parque Nacional e intentarei expoñelas ao longo de varias entregas. **Páx. 4**



## CHEGOU O INTRE DE MARCHAR

O noso correspondente no barrio de Melide, Varu Camaway, despídese da Illa e de todos os aunienses e amigos ata o ano que vén.

Esperamos seguir contando coa súa sagaz axuda o próximo verán. **Páx. 3**

## O PARQUE NACIONAL COMEZA A FACER ARRANXOS EN ONS

Como prometera, dende finais de setembro comezaron as obras para a realización de latrinas, arranxar o entorno do Buraco, escavacións arqueolóxicas. Só falta esperar que non quede atrás a depuradora. **Páx. 5**



## PRESENTACIÓN DA REVISTA

### "NOVA ARDENTÍA"

Contén dous interesantes artigos sobre a Illa de Ons, dedicados a Mörling e Manuel Piñeiro. **Páx. 6**




Coido que xa é o intre de dar remate, non definitivo, a esta sección. Ao longo de trece entregas analizamos, coido, todos os puntos necesarios para coñecer e mellorar o Centro e a súa actividade. Vou agora só a sinalar os puntos principais:

- 1º.- O Centro necesita unha distribución e remodelación case total de todos os seus espazos, intentando que as características da Illa estean reflectidas neles, aproveitando ao máximo a extensión de cada sala, as súas paredes e ata os teitos.
- 2º.- Debe ter unha sala de usos múltiples, para a realización de exposicións, charlas, proxeccións,..., congresos,..., actos varios. Como mínimo, para a exposición diaria dalgún vídeo ou Power Point sobre a Illa.
- 3º.- Necesita unha ampliación mínima, pero suficiente, para albergar elementos voluminosos (dorna, carro vacas, tapadeira da Laxe do Crego,..., rodas de muiño,..., e outros elementos que polo seu volume ocupen moito espazo nas salas existentes. Ese espazo, como xa explicamos no nº 30, páx. 2, pode quitarse do que chamabamos Zona A do patio exterior grande.
- 4º.- É necesaria unha biblioteca exclusiva de temática sobre Ons, tanto en papel como dixitalizada e poñela ao servizo de todas as persoas interesadas. Debería contar non só con libros, revistas e traballos publicados, senón con vídeos, música,...
- 5º.- Importantísimo crear a figura dun Animador Cultural, un técnico capaz de facer que o Centro sexa algo Activo e Vivo.
- 6º.- Que haxa programación diversa e de todo tipo que teñan que ver coa Illa e o Parque en xeral. Aínda que despois, sobre a marcha, poidan xurdir actividades novas ou puntuais, Parques e o seu Técnico Cultural xa deberían ter a programación do verán feita antes de maio e en xuño dala a coñecer ao completo polos diferentes medios de comunicación. Así os visitantes, a carón do sol, praia e andainas, poden escoller a visita ou estancia en Ons pola súa programación cultural.
- 7º.- Coordinación, organización e programación. Necesaria coas navieiras que dende maio comezan a levar grupos organizados, terceira idade, colexios,... Coa D. Xeral de Xuventude para que os rapaces do Campamento teñan nese Centro un lugar lúdico-didáctico ao que acudir. Co cámping e negocios que poden informar aos seus clientes da programación existente e así intentar conseguir un turismo máis concienciado coas características socio-histórico-naturais da Illa.
- 8.- Buscar compaxinar os horarios e quendas de traballo dos guías e traballadores, para que a programación non sexa cuadriculada e haxa actividades a diferentes horas intentado que a programación cultural sexa unha alternativa aos bares.
- 9º.- Aproveitar ao máximo os espazos exteriores. Estes poden dar moito xogo, tendo en conta que hoxe en día no mercado hai unha boa oferta de todo tipo de carpas que se poderían aproveitar para resgardarse das inclemencias meteorolóxicas á hora de realizar actividades. Miren o bo exemplo da Homenaxe ás Cantareiras de Ons nese espazo o día da Festa. Poderían realizarse actos, proxeccións, encontros,..., cunha alta capacidade de asistencia.
- 10º.- Un longo etc.....

Un Parque Nacional ten que ser **ACTIVO** e o Centro de Visitantes debe ser o lugar idóneo para desenvolver e crear **ACTIVIDADE**. Ideas pódense traer moitas, pero se non hai un ou uns bos **ANIMADORES** concienciados co seu traballo, cunha **PROGRAMACIÓN** realizada de antemán e contando cuns **GUÍAS** dispostos a realizalo, non avanzaremos.

Confío no **PERSOAL** que ten o Parque, só falta que non lle poñan trabas ao seu traballo e ideas dende arriba.



En amarelo, zona do patio exterior grande coa que se podería ampliar o interior do Centro.



Magníficas actividades que se poden levar a cabo no patio exterior grande. Ideal con carpa transparente.



Recreación dunha Aula Escolar, que nada ten que ver coa realidade escolar que tivo a Illa de Ons. Mellor que o Centro Pedagóxico a traslade a outro lugar de Galicia máis acorde coa súa realidade e historia escolar.

Antiga aula que conta cun espazo, o suficientemente amplo, para albergar a sala de Usos Múltiples. En caso dun acto que requira máis amplitude, a proposta do patio exterior grande sería unha opción aceptable, e máis, se conta cunha carpa que o protexa.



Programar actividades con moita antelación para ser presentadas antes do verán e que o turismo saiba que Ons oferta moito máis que sol, praia e andainas é imprescindible. Planear tamén con campamentos, cámping, negocios, navieiras,..., esas actividades.



## ONS NA MEMORIA. BARCO <ANGEL DE RÍA>

Ata o ano 1981, para ir a Ons, só contábamos co <Azor>, o barco de Pancho, que saía de Bueu e levaba o correo, víveres e persoas en época estival.

A cantidade de turistas que ían daquela á Illa en todo o verán, case poderíamos dicir que eran os que as navieiras traen hoxe nun só día.

Pero a partir do verán do 1981 a cousa cambiou, pois a navieira Rías Baixas de O Grove puxo en funcionamento o barco <Angel de Ría> que comezou a levar visitantes dende os portos de Sanxenxo e Portonovo.

A capital turística por excelencia de Galicia, Sanxenxo, aportaba nos veráns unha cantidade importante de turistas que, aumentando ano a ano, motivou a creación de infraestruturas na Illa para dar unha mínima cobertura a esas persoas.



## HemerONSteca

*La Vanguardia Española*

30 de maio de 1940. Páx. 3

### LA GUERRA EN EL MAR

#### Un buque francés y otro inglés torpedeados y hundidos frente a la costa gallega

Vigo, 29.—Han llegado a este puerto los supervivientes del buque francés «María José», torpedeado a siete millas al oeste de la isla de Ons. El «María José» desplazaba 4.500 toneladas y se dirigía de Casablanca a Burdeos con cargamento de cereal.

A consecuencia de la explosión murió uno de los tripulantes y otros diez y siete resultaron heridos. Desaparecieron otros siete, entre ellos dos oficiales. El buque se hundió rápidamente.

Varios pesqueros de la matrícula de Martín acudieron en auxilio de los naufragos y los condujeron a puerto. Allí se hizo cargo de ellos el cónsul de Francia en Vigo y los condujo a nuestra ciudad, donde han sido hospitalizados los heridos.

El «María José» navegaba en compañía del petrolero inglés «Telena», que también fue torpedeado en el mismo sitio, provocándose a bordo un gran incendio. El buque fue remolcado hacia Vigo y en este momento se encuentra a la entrada de la ría viquesa envuelto en llamas.

La mayor parte de la tripulación pudo abandonar el barco.

Algunas horas después de ser torpedeado el «Telena», la mayor parte de sus tripulantes fueron también recogidos por los pesqueros españoles. La tripulación del «Telena» estaba compuesta por 38 chinos y 4 europeos. A causa de la explosión murió un tripulante y 9 resultaron heridos.

Los supervivientes han sido atendidos por las autoridades y el vecindario de Martín con toda solicitud. Al mediodía se les obsequió con una comida en Auxilio Social.



## CONTOS DE TABERNA

### “O MORENO DE ONS”

Aquel día a mesa da partida estaba repleta, parecía un día de festa, estaban a degustar uns chourizos traídos de Lugo. Nun intre da papadela, entrou Manolo da Illa, viña cun cabreo de campionato. Había unha marea das boas e estivera case tres horas á seca aos polbos e non collera nin o primeiro.

Ao entrar e mirar que non se sentaba, preguntáronlle:

-Manolo, que tes? Que parece que andas unha mighallada torpe.

Pediuna cervexa na barra e, despois da darlle un bo grollo, foi sentar á mesa da partida con todos. Alí contou:

-Me cagho en ningún Dios!!! Toda a mañá aos polbos, e cantos mirades nesta man, pois son os que collín. Vou facer coma o Moreno, seguro que non hai fallo!!!

Todos calaron ao escoitado e, Pepe da Illa, preguntoulle: -E logho, que foi o que fixo o Moreno?

-O Moreno, que agora vive en Noalla, era un dos mellores pescadores de polbo que había na Illa daquela. Levaba un tempo sen pescar nada. Non tiña sorte. Recomendáronlle ir a unha meiga a sacarlle o meigallo a el e á dorna, pero non cría nelas e decidiu ir a Sanxenxo, a San Benito de Lores a pedirlle axuda. E así foi. Pero, ao chegar, atopouse cunha imaxe de San Miguel Arcangel co demo debaixo do pé, e como xa levaba un par de carallos con San Benito, decidiu deixarlle as 300 pesetas que levaba a San Miguel. Ao marchar, e cando aínda non percorrera 100 metros, comezou a cavilar: <Non lle deixei nada ao demo e, sen embargo, ten casa na Illa, alí no Buraco. Vou volver, non vaia a ser o demo!!!>. E así foi, volveu e, xusto debaixo do pé de San Miguel, deixou un billete de 100 pesetas para o demo.

Oes!! Queres saber, que iso foi un domingo e cando foi o luns ao mar, quen quería polbos!!! Ata subían polo faro do Camouco arriba. Vaia marea!!! Nunca tantos colleu na súa vida!!!

Hai que ter contento ata o demo do Buraco, carallo!!!





Foto: Eduardo. O Gardajurado



Arriba: Varu e Uxía, con toda a súa equipaxe, no intre de coller o barco.

Abaixo: Piragua camawayana coa que se desprazan ata Melide.

Dereita: Varu co seu parasol reivindicativo en Camaway.

Fotos: Varu Camaway

## CHEGOU O INTRE DE MARCHAR

A Varu, o noso correspondente en Melide (Camaway) e Illa en xeral, (cando non está o redactor deste minixornal) e á súa parella Uxía, tocoulles o intre de abandonar Ons por este verán.

Na Illa quedaron grandes momentos que souberon compartir cos aunienses, amigos e visitantes.

Mantívonos informado sobre Camaway, a praia que deixou de ser nudista dende que a administración decidiu pechar a acampada, e que el reivindica como tal, case en solitario, á vez que a coida de malos usos.

Contounos que: "... un día un mozo e a súa noiva nudistas, dirixíronse a Uxía e a min en Melide despois de ollar o noso parasol reivindicativo, no intre no que estaba restaurando o tocón de <no mear ni cagar, camino particular>, supoñendo que eramos illeiros, e preguntounos si aquí (en Camaway) era norma que os polbos atacaran.

Respondínlle que na Illa, o máis increíble que el imaxinara, podía ser norma. Foi cando explicoume, que estaba na orela, coa auga ata os xeonllos, e un polbo, duns 2 kg, achegouse a el e agarroulle e apertoulle a perna. Tivo que despegalo como puido e logo, o polbo, afastouse na propia area...

Díxenlle por que non o colleu, e el respondeume que na Illa estaba prohibido... Eu repliqueille, que nese caso non, porque era en defensa propia".

Pequenas cousas que pasan en Camaway e que Varu fainos chegar.



## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

### SOLUCIÓNS AO XACEMENTO ROMANO DO CANTIL DE CANEXOL

Comentario dun lector: "Ola Tino. Sigo con moito interese este periódico que publicas e que me trae moitos recordos doutras épocas nas que tiven a sorte de compartir contigo moitas experiencias, e non digamos caldeiradas, en Ons.

Dende que Ballesteros descubriu o xacemento romano de Canexol, estou moi pendente do tema. Recordarás que me apaixonaba a arqueoloxía e, como ela xa anunciou e ti o levas facendo dende hai uns anos, sería terrible, histórica e arqueoloxicamente falando, que a parte do xacemento romano que está no cantil, sucumbira pola falla de atención e ganas da administración en evitalo.

Sabemos que non é doado, pero os técnicos poden buscar solucións adecuadas, evitando impacto ambiental, para impedir o derrube polos embates do mar. Se un restaurador puido colocar un supermuro para defender o seu negocio cun forte impacto visual, coido que haberá maneiras de resgardar o xacemento sen tanta repercusión. Solucións hai, o caso e querer desenvolvesas..."

Prezado amigo, estou contigo en que a Consellería de M. Ambiente ten a obriga de buscar unha solución axeitada, que eu tamén penso que a hai, pero, non miro moito afán nos arqueólogos para reivindicalo e menos na administración para evitalo. Así son os políticos, esas actuacións non dan votos.



## EMPREGO DOS FAROS COMO ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS?

Os Faros, paseniñamente, fóronse automatizando e a figura do fareiro viuse como un oficio a desaparecer dende que o Estado declarou a extinguir o corpo de técnicos mecánicos de sinais marítimas a principios do ano 1993.

Os Faros pasaron a poderse controlar dende a propia Autoridade Portuaria que os leva ou mesmo dende o propio ministerio de Fomento.

No seu momento, dende Portos do Estado falaban de potenciar ese patrimonio arquitectónico e cultural, respectando sempre a función do Faro como axuda á navegación.

No ano 2010 Fernando González Laxe xa falaba: *"... de achegar os Faros á sociedade, creando neles centros de interpretación, de turismo mariñeiro, museos interpretativos,..., axudando a achegar este valioso e descoñecido patrimonio ao cidadán."*

Outras valoracións ían coa idea de fomentar e valorizar unha cultura mariñeira, dicindo: *"... nós non dicimos que non se instalen hoteis, pero deben terse en conta usos museísticos, aulas de interpretación, talleres,..."*

En definitiva, xa vai para máis de 15 anos que a idea de converter en hoteis e restaurantes os Faros é a idea que predomina dentro da administración.

Neste primeiro avance, só comentar, que esperemos que o Faro de Ons dure moitos anos cos seus fareiros e que, os faros de Cíes e Sálvora, como illas pertencentes ao único Parque Nacional de Galicia, sexan protexidos e aproveitados, con acordos entre Portos, Consellería de M. Ambiente, Parques e ata os propios concellos aos que pertencen as illas, como Museos Marítimos relacionados coa vida no Faro, coas historias que ao longo dos anos sucederon ao seu carón xunto cos naufraxios que aconteceron na súa contorna, ..., así como da historia correspondente á Illa á que pertencen.

Esas ideas xa terían que estar sobre a mesa dos organismos citados con vistas a un futuro próximo. Teño claro que o diálogo entre institucións e organismos non funciona, aínda dentro dos da propia Xunta, así que o tema está moi complicado. Seguiremos na loita para conseguir que os Faros sexan **Patrimonio Cultural**.

VIERNES, 3 DE ENERO DE 2014

## Illa de Ons: utilización dos faros, por Celestino Pardellas de Blas, O Grove



Hai uns días líamos na prensa o anuncio da ministra de Fomento polo que Portos do Estado poría en marcha un plan ambicioso para dar un uso hostaleiro aos faros, respectando o seu valor patrimonial por medio de concesións e dando entrada ao sector privado".

Ao instante saltaron as alarmas, e o que nos figurabamos xorde. De novo na prensa se nos di: "Que los faros de Ons e Tambo entran na lista de Portos xa que ven neles a compatibilidade do seu uso de sinal de navegación co hostaleiro".

Dende hai anos eu fun, a través de varios artigos de opinión e cartas ao director, un dos máximos defensores da utilización dos faros das Illas para un uso museístico, didáctico, ..., e ata aqueles que estaban automatizados e tiñan un espazo suficiente, dedicalos a uso hostaleiro onde, por un pequeno pago, os estudantes e investigadores tiveran un lugar onde pasar a noite, comer e, sobre todo, traballar e investigar. Tamén argumentaba que estas instalacións deberían estar administradas por Organismos oficiais: concellos ou Xunta e non privatizalos.

Estes faros, segundo o seu tamaño e dispoñibilidade, poderían dispor dun pequeno museo que, ao estar relacionado co mar, podería albergar tamén unha parte dedicada aos naufraxios acaecidos na zona de influencia, con pezas, paneis, filmacións submarinas sobre o accidente, ..., o que suporía un enorme atractivo e daría un maior realce ás instalacións, servindo para desestacionalizar o turismo coñecendo o atractivo que supoñen os faros.

No caso concreto da Illa de Ons, xunto aos de Sálvora e Sisargas, debería respectarse a súa condición actual. Os técnicos de Sinais Marítimas que traballan neles fan una excelente labor de axuda á navegación estando todo o día pendentes do seu bo funcionamento e conservación. Calquera fallo detectado pode ser solucionado no momento, sobre todo se ocorre de noite, sen embargo, cos novos sistemas, por certo carísimos, un pequeno problema pode converterse en grave por non ter unha solución inmediata.

Está claro que nos tempos que corremos os modernos sistemas de navegación e localización que levan os barcos fan case que inútiles aos faros, pero estes sempre serán necesarios xa que non todos os barcos dispoñen deses aparellos ou poden estragarse, tendo no Faro o único modo de axuda.

De todos os xeitos, se Portos quere desfacerse do gasto que supón manter os faros habitados polos seus técnicos, sería importante que, no caso de Ons, o faro pasara a formar parte das dependencias de Parques Nacionais para darlle un uso investigador onde albergar pequenas instalacións dormitorio xunto con biblioteca, salas de exposicións, Museo do Mar especializado nos naufraxios que tiveron lugar nas súas proximidades, e un longo etc., de uso turístico, didáctico, investigador e científico.





## O PARQUE COMEZA COAS OBRAS PROMETIDAS

### Arredores Buraco do Inferno

Ao longo dos últimos Onstopus, viña informando e solicitando ao Parque o arranxo de varios temas que PineirÓns observara dende finais do verán de 2020 ata este final de 2021.

Entre os temas, estaba o camiño que conducía ata o Buraco do Inferno que, no seu tramo final, estaba moi deteriorado e que podería causar algún desgusto ao numeroso público que ata el se achega. Prometeron poñerse con el a finais de setembro e, polo que sabemos, alí están traballando, supoñemos que nese tramo e nos arredores do Buraco.

### Latrinas no Curro

Dende PineirÓns levamos solicitando, nos Informes que se envían anualmente á Consellería, a creación dunhas necesarias latrinas que deran este servizo tan necesario ás miles de persoas que ao longo do ano visitan Ons. Explicabamos que os bares, ás veces, non daban abasto para atender esas necesidades e só un, con algunha dificultade, podía dar ese servizo a persoas en cadeira de rodas. En varias ocasións comunicaron, dende a administración, que buscarían unha alternativa, pero a que deron, aínda que cumpría o servizo, non era a adecuada, como foi habilitar o baño do Centro de Visitantes como latrinas para visitantes.

Agora, por fin, tomaron a idea e na canteira que alberga xa á Caseta de Primeiros Auxilios, van a instalar uns baños para uso público. Aplaudimos a idea aínda que coidamos debeu facerse antes.

### Depuradora

Esperamos tamén que, ao longo do outono-inverno, solucionen o grave problema de saneamento. Agardamos que non se fagan chapuzas ou arranxos mínimos para quedar ben. Hai que coller o touro polos cornos, ver se verdadeiramente esas depuradoras poden cumprir, cos arranxos necesarios, o seu cometido e de non ser así, ir pensando na súa reposición ou busca de outras alternativas.

### Varios

Hai máis cousas que solucionar antes da primavera, haberá que ver como se comporta o inverno, pero deberían irse programando arranxos. Irei informando en posteriores Onstopus.



## FOTOS:

**Dereita arriba:** Arranxo do perímetro do Buraco do Inferno.

**Dereita abaixo:** Comezo das obras das latrinas na canteira de Curro.

*As fotos foron cedidas por Parques Nacionais*

## FESTA DA EMPANADA MARIÑEIRA NA LONXA DE PORTONOVO



Nesta Festa contamos con riquísimas empanadas entre as que imos destacar a de Polbo de Bueu con polbo pescado na Illa de Ons e a de Raia, tamén pescada nas inmediacións de Ons e que foi preparada pola Panadería Rosita que colabora na revista AUNIOS.


Nas fotos podemos observar a Exposición de Artes de Pesca de Galicia en miniatura do Patrón Maior de Bueu, Sr. Rosas, e a actuación de Raúl, músico moi coñecido en Ons polas súas actuacións nas Festas.





## PRESENTACIÓN DA REVISTA CULTURAL “NOVA ARDENTÍA”

O pasado sábado día 8 de outubro, dentro das Xornadas Marisqueiras de O Grove, celebrouse, no incomparable marco do Museo da Salga de Punta Moreiras de San Vicente, a presentación do nº 13 da Revista Galega para a Cultura Marítima e Fluvial “Nova Ardentía”. No acto falárono Emilio Ínsua (Coordinador), Manolo e Eduardo Parada, Sole Rei, Antón Mascato e Paco Fernández Rei, que fixeron un repaso á importancia da divulgación da cultura marítima e á necesidade de que traballemos a prol de conseguir que esa cultura e ese coñecementos non morran con quen os levaron a cabo, polo que é preciso recompilar esa sabedoría realizando un traballo de campo intenso dirixido a recoller datos charlando e entrevistando a todas esas persoas que gardan eses coñecementos, froito da experiencia de toda a súa vida, para dalos a coñecer e que non se perdan para sempre. A revista, nas súas 113 páxinas, ten arredor de 24 artigos, todos eles dunha gran calidade e moi significativos para adentrarnos na cultura marítima de Galicia e Portugal. Dende este modesto minixornal animarvos á súa lectura.



**Fotos:**  
**Arriba esquerda:** Presentación no museo da Salga (Ínsua, Parada, Sole Rei e Paco Fernández).  
**Arriba dereita:** Primeiras páxinas do artigo sobre Manuel Piñeiro.  
**Debaixo dereita:** Primeiras páxinas do artigo sobre Staffan Mörling.

## A CASUALIDADE FAI QUE HAXA UN PUNTO DE UNIÓN ENTRE “NOVA ARDENTÍA” E “AUNIOS”

Cando tiña entre as miñas mans o nº 12 de Nova Ardentia, quedei sorprendido ao comprobar que os dous artigos que contén, que están relacionados coa Illa de Ons, están case conectados con outros dous dos artigos que o próximo número 27 de Aunios vai a incluír sobre Ons.

O primeiro o asina, o tamén colaborador de Aunios, José M. Dopazo Entenza “Cando Mörling arribou á Illa de Ons”, onde fai un pequeno repaso á vida deste antropólogo sueco que chegou a Galicia co tino de facer un estudo das súas embarcacións tradicionais e que quedou engaiolado das dornas, de Ons e dos seus habitantes.

O segundo é un artigo de Manuel Pérez Rúa “Manuel Piñeiro Otero e a súa Illa de Ons. Dúas biografías (I)”. Nel Manuel Pérez transcribe a entrevista que se realizou ao auniense Manuel Piñeiro Otero, onde, nesta primeira entrega, vai contando como era a vida na Illa tanto no seu tempo como no dos seus avós e bisavós. Moi interesante para coñecer, de primeira man, testemuños que nos falan da vida socio-histórico-etnográfica que tiveron os habitantes de Ons.

Con respecto ao artigo de Dopazo, comentar que no próximo número de AUNIOS, no que levamos uns anos homexando a todos aqueles que fixeron algo por Ons, tócalle, por orde cronolóxica, a Staffan Mörling e, paralelamente, á súa muller Chefa Otero. Como os demais homenaxeados tocaremos aspectos da súa vida e sobre a obra referente á Illa de Ons.

Con respecto ao segundo, máis sorprendido quedei ao comprobar que, unha das nosas colaboradoras no ano 1994, por mor da facer un traballo sobre a Illa, realizou entrevistas a varios aunienses, entre os que estaba, Manuel Piñeiro Otero.

Debido a que puxen a disposición da entrevistadora a documentación e fotos que necesitara, pola súa parte, pasoume a transcripción das entrevistas realizadas. Todas moi interesantes, pero na de Manuel Piñeiro había un pequeno relato que considerei significativo no seu momento, aínda que, despois pasou o tempo e quedou no esquecemento.

A principios deste verán, pasáronme unha foto aparecida nas redes sociais que, despois de 22 anos, fíxome recordar aquel anaco de relato de Manuel Piñeiro e considerei que sería importante que quedara constancia del e ver se alguén quere investigar sobre o tema. Propuxen á persoa que fixera a entrevista daquela, que se animara a realizar un pequeno artigo onde se fixera constar. Aceptou e esperamos velo reflectido no próximo número de AUNIOS.

De aí a relación entre Nova Ardentía e Aunios.